Tenente de Alcaldesa, Señoras e señores da corporación muncipal, luguesas e lugueses: moi boas noites. Grazas pola invitación: é para min unha honra estar hoxe convosco para inaugurar o alumeado de Nadal. Nestes tempos difícles, que fundamentalmente é aferrarnos ao que importa, e do que non sempre no desenferro da contiandade nos decatamos. Aferrarnos, por exemplo, á memoria, para sembrar aos que, desafortunadamente, xa non están con nós. Aferranos ao tempo compartido, á celebración mínima cosa persoas que máis queremos, volver á familia, volver á terra. Aferrarnos ao acompañemento, á consideración: que dúas palabras tan importantes! Compañeiro, compañeira: “a persoa con quen se comparte o pan”.Consideración, que vén de con-sídeo, astro, é dicir, “mirar xuntos as estrelas”. Compartamos, por tanto, nestas datas o pan na mesa e estas estrelas de cores próximas nas nosas rúas. Nunha das súas cancións, dicía Leonard Cohen que hai inha fenda en todo, e así é como entra a luz. Este ano 2020, inequivocamente, supuxo en todas e todos nós unha profunda fenda. Agora toca que deixemos pasar algo de luz, e talvez ata poidamos ahumear de novo un pouquiño de solidariedade, fortaleza e esperanza. Grazas de novo, apertas, felices festas e bo Nadal!